



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

# CASA DO PUNTO

## A pegada das Américas



### Localización

Coordenadas 41.947250, -8.775399

**Tipo de ben:** vivenda

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Goián

**Lugar:** Avenida Ordóñez

**Cronoloxía:** 1907

**Construtor:** Juan Benito Álvarez Lorenzo

**Promotor:** Manuel Troncoso

**Propiedade:** privada

**Uso actual:** -

**Estado de conservación:** bo. Reformado

### Comentario e descrición

Vivenda de planta cuadrangular, con dous pisos, bufarda e tellado a catro augas. As dúas fachadas que se abren ás rúas están articuladas por medios de vans e portas, mentres que as outras dúas desenvólvense na parte superior por medio de galerías sostidas sobre piares, aínda que poderían ser engadidos máis recentes. A fachada principal artículase en dous niveis en altura divididos ópticamente mediante cores: a parte inferior está recuberta de azulexo cerámico en ton ocre e a superior en cor verde.

No nivel inferior o pano artículase en dúas portas pareadas na parte central e outras dúas no lateral. No segundo andar repítese a disposición, pero neste caso a parte central ocúpase cun balcón de forxa decorado con motivos xeométricos. Os dous vans laterais preséntanse voados e fechados con galería. A bufarda, aberta por un balcón, decórase con molduras de formigón con desenvolvemento orgánico. Repítese o resalte en pedra dos vans das fachadas que dan á rúa.

O estilo da casa presenta características pintorescas que se aprecian na presenza da bufarda, ademais da influencia portuguesa ou brasileira de recubrir a fachada con azulexos. A presenza de multitude de vans e o desenvolvemento dalgúns en forma de galería é característico da arquitectura indiana, que buscaba a salubridade e a hixiene facilitando a ventilación, aínda que a carpintería dos mesmos está renovada. Así mesmo, tamén é característico o emprego de materiais accesibles, como é o caso do formigón, e locais, como é o uso da pedra da zona e a presenza de reixería a modo decorativo en vans e balcóns. A presenza das iniciais do promotor e da data de construción tamén responde á arquitectura que levantaron os retornados.

Os edificios que se sitúan nunha contorna urbana adoitaban presentarse en primeira liña de rúa, como é este caso, ou deixar un espazo entre a estrada e a entrada, normalmente ocupado por unha zona axardinada na que era habitual ver palmeiras como exemplares de flora exótica. Cabe destacar que unha das fachadas desta vivenda ábrese á Avenida Brasil, que leva o nome do país ao que emigraron moitos dos veciños do concello.

### Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: GOI-01

**Tomiño**  
CONCELLO

**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA